

VIª CARREIRA POPULAR DOS SANTIÑOS O BARCO DE VALDEORRAS

Asociación Deportiva Amigos do Deporte Ourenzá coa colaboración do Concello de O Barco de Valdeorras, a Delegación da F.G.A en Valdeorras, e o Clube ADAS-Proinor, organiza a VIª CARREIRA POPULAR DOS SANTIÑOS, que se desenvolverá o vindeiro 3 de Novembro do 2013 .

Proba oficial da F.G.A

CIRCUITO:

1º.- As distancias son orientativas e non homologadas, o circuíto urbano consta de unha volta de 3.500 mts, (**VER ANEXO**) os-as atletas poderán participar nas seguintes carreiras:

- ❖ 3.500 mts. 1 VOLTA (CADETES)
- ❖ 7.000 mts. 2 VOLTAS (XUVENIL-XUNIOR-ABSOLUTOS E VETERANS)

INSCRICIÓN:

1º.- As inscricións para a carreira se realizará a través dun formulario de inscrición na páxina web da Delegación Valdeorresa de Atletismo (<http://www.fgatletismo.es/valdeorras/>).

2º.- As INSCRICIONS deberán estar en poder da Organización antes das 20.00 h.do luns **28 de Outubro**.

3º.- As inscricións para a carreira absoluta terán un custo de **6€**.

4º.- Poderase inscribir no mesmo día ata **1 hora** antes do comezo da proba tendo un custo de **3€** o cal **non** **terán dereito a bolsa do corredor**

5º.- O pago farase mediante transferencia bancaria o ingreso no seguinte número de conta:

0081 0507 5300 0109 7513-BANCO SABADELL

E obrigatorio poñer no concepto da transferencia/ingreso o seguinte texto:“SANTIÑOS” Indicando o seu Nome, Apelidos e número de D.N.I.

6º.- As inscricións dos cativos Prebenxamín, Benxamín, Alevín, Infantil e Cadete, faranse ata 30 minutos antes do inicio das probas, no propio Estadio de Calabagueiros, sendo esta **inscrición gratuíta**.

7º.-A retirada de dorsais realizarase na mesa habilitada para tal fin no ESTADIO DE CALABAGUEIROS o día 03 de Novembro , de 10 a 11.30 h. No momento de retirada do dorsal, deberan mostrar o resgardo do pago ou o D.N.I

REGULAMENTO:

1º.-Tódolos participantes terán asignado un dorsal, este irá situado no peito e terá que ser visible no desenrolo da proba.

2º.-Faranse control de paso en varios puntos do circuío que a organización establecerá durante o transcurso da proba polos cales terán que pasar os participantes para non ser **descalificados**.

3º.- O peche do control será 1 hora despois de que entre o 1º clasificado en meta.

4º.-As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 40 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados. Se son desestimadas por este poderase presentar reclamación por escrito e acompañada dun depósito de 30 euros ao Xurado de Apelación.

5º.-Será motivo de **descalificación**, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuío da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.

6º.- Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores

7º-Todos os participantes o fan baixo a súa propia responsabilidade e polo feito de saír acepta o presente regulamento, e responsabilízase de calquer accidente que poida surxir durante a súa participación na proba, inda que a organización poñerá todos os medios o seu alcance para que non ocorran.

8º- Seguro: todos os participantes estarán amparados por unha póliza de Responsabilidade Civil e accidentes deportivos, excluídos os casos derivados de un padecemento latente, imprudencia o inobservancia das leis, da normativa da competición, etc. Tamén quedan excluídos os casos producidos polo desprazamento; o lugar da competición ou dende o mesmo. Non se permitirá a existencia no percorrido de ningún vehículo axeno a organización, estando estes últimos debidamente identificados.

9º.- A organización dispondrá de **SERVICIOS MÉDICOS E AMBULANCIA** dende una hora antes do comenzo da carreira e ata media hora despois de pechar o acto. Os Servicios médicos, están facultados para retirar da carreira a calquier participante que manifestase un mal estado físico durante o desenvolvemento da mesma. **Así mesmo, recoméndase a todos os inscritos, leven a cabo antes de tomar parte na carreira un recoñecemento de aptitud médico deportivo que descarte calquer patoloxía que impida a súa participación.**

OUTRAS OBSERVACIÓNS:

Podrán participar nas distintas probas todos aqueles atletas que o desexen, por norma xeral en competicións do calendario autonómico non podrán participar atletas españois con axuda económica da RFEA nin atletas estranxeiros que houbesen feito unha marca igual o mellor ca que se indica no seguinte cuadro longo da presente tempada ou as 2 anteriores:

Proba	Homes	Mulleres
800m	1'48"50	2'05"00
1500m	3'42"00	4'17"00
3000m	8'10"00	9'30"00
5000m	13'45"00	15'55"00
10000m	28'50"00	33'50"00
3000m.obst	8'50"00	10'25"00
10km.ruta	29'10"	33'50"
Medio Maratón	1h03'00"	1h13'30"
Maratón	2h12'00"	2h34'00"

En ambos casos, esta prohibición non afectará as probas do Calendario Autonómico por la que o atleta teña licencia. A RFEA, atendendo as especiais circunstancias deportivas, podrá autorizar, previa solicitud e de manera excepcional, a participación de atletas extranxeiros (ou españois con axuda económica) nas probas dos respectivos Calendarios Autonómicos. As probas que teñan unha participación de atletas extranxeiros no residentes superior o 5% do total de inscritos deberán obrigatoriamente estar incluídas no Calendario Nacional.

O descoñecemento de este regulamento non exime do seu cumprimento.

Todo o non previsto na presente normativa se rexirá polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

PREMIOS:

- Habrá trofeos para os primeiros clasificados desde a categoría cadete a veteranos.
- Nas carreiras de Infantil, Alevíns, Benxamíns e Prebenxamíns entregaranse medallas para tódolos participantes.
- Obsequiarase cunha bolsa do corredor a carreira absoluta.

HORARIO-DISTANCIA E CATEGORIAS:

12.00H	CADETE MASC. e FEM.	1999 e 2000	3.500 M	1 volta
	XUVENIL/XUNIOR MASC. e FEM.	1995,96,97 e 98	7.000 M	2 voltas
	ABSOLUTO MASC. e FEM.	Dende o 93 en diante	7.000 M	2 voltas
	VETERANS MASC. "A" e FEM. "A"	35 A 44 ANOS	7.000 M	2 voltas
	VETERANS MASC. "B" e FEM. "B"	45 A 54 ANOS	7.000 M	2 voltas
	VETERANS MASC. "C"	55 A 64 ANOS	7.000 M	2 voltas
	VETERANS MASC. "D"	+ DE 64 ANOS	7.000 M	2 voltas
13.00H	INFANTIL MASC. e FEM.	2001 e 2002	1.000 M	Pista
13.10H	ALEVINS MASC. e FEM.	2003 e 2004	500 M	Pista
13.15H	BENXAMIN MASC. e FEM.	2005 e 2006	300 M	Pista
13.20H	PREBENXAMÍNS MASC.e FEM.	2007 e anteriores	150 M	Pista

CIRCUITO:

O circuito consta de unha volta de 3.500 m., totalmente chaira, que transcorrerá polas seguintes rúas:

SAIDA ESTADIO DE CALABAGUEIROS- Río Mariñan - Barco de Avila - Paseo do Malecón (control de paso) - Dr. Pérez Lista - Academia Dequidt - Paseo do Malecón - A Coruña- Calabagueiros-e ESTADIO DE CALABAGUEIROS

A META estará situada dentro do Estadio e se corresponderá ca liña de meta da pista de atletismo.

ORGANIZA:

ASOCIACIÓN DEPORTIVA
AMIGOS DO DEPORTE OURENSÁ

COLABORAN:



CONCELLO DE O BARCO
DEPORTES



DEPORTE
GALEGO



FEDERACIÓN GALEGA
DE ATLETISMO



obarco
centro comercial
aberto

GADIS

AMBULANCIAS

SIL
BARCO
DE VALDEORRAS



B[®]
new balance

